

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DOS INCENDIOS FORESTAIS DO MES DE XULLO DE 2022 E DO RESTABLECIMENTO DOS SERVIZOS MUNICIPAIS AFECTADOS

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, María Carmen González Quintela, alcaldesa do Concello de Carballeda de Valdeorras, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN:

Primeiro. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Segundo. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Asemade, o actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.



Cuarto. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo), que lle atribúe, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Pola súa vez, o artigo 29 do devandito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións destinadas a elas.

Quinto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os cales se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común deste convenio é colaborar co Concello de Carballeda de Valdeorras na consecución ou recuperación do normal funcionamento dos servizos municipais afectados ou danados polos incendios do mes de xullo de 2022, colaborar no mantemento da estabilidade orzamentaria municipal e asemade contribuír á recuperación económica no ámbito local.

Sexto. De acordo co previsto no artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, mediante a Orde do 29 de decembro de 2021, xa citada, reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022 e as actuacións ás que se destina. De acordo con esta orde reguladora, parte do Fondo aplícase a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e a utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Consonte esta distribución do Fondo para 2022, na aplicación 05.23.141A.461.1 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente* (CP 2013 00770), existe crédito axeitado e suficiente para o seu emprego eficaz nesta colaboración que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias, pretende establecer coas entidades locais de Galicia máis afectadas polos incendios do mes de xullo de 2022, para contribuír no financiamento dos gastos extraordinarios derivados dos incendios do mes de xullo de 2022 e do restablecemento dos servizos municipais afectados.

Sétimo. A vaga de incendios producidos durante o mes de xullo de 2022, que afectou especialmente a zonas das provincias de Lugo e de Ourense, ocasionou danos en bens de titularidade municipal que afectaron o normal funcionamento dos servizos públicos. O seu restablecemento supuxo a asunción de gastos extraordinarios por parte das facendas municipais das entidades locais máis afectadas. Estes gastos destináronse, entre outros, á realización de



obras de reparación, mantemento ou reposición das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios, a cubrir os gastos de limpeza e restauración ambiental destes, a recollida e traslado de restos e de adquisición de material funxible para a reposición dos servizos afectados polos incendios e para a posta a disposición do dispositivo de emerxencias que se despregou na zona. Tamén repercutiu sobre os concellos afectados unha parte dos custos producidos pola atención á poboación evacuada ou ao persoal, tanto propio como dos efectivos integrantes do operativo de extinción.

En definitiva, trátase de gastos imprevistos, urxentes e extraordinarios, producidos a consecuencia da situación de emerxencia creada polos incendios forestais producidos durante o mes de xullo de 2022, asumidos polos concellos afectados e que supuxo para estes un importante incremento do gasto municipal.

Xa que logo, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o restablecemento do normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiadas de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2013 00770 *Fondo Compensación Ambiental. Convenios grupos emerxencias*.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia ao concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Carballeda de Valdeorras.

Oitavo. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Carballeda de Valdeorras, co fin de que esta entidade local poida recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza e asemade contribuír á conservación, reposición e restauración do ambiente.

Noveno. O Concello de Carballeda de Valdeorras cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2021 ao Consello de Contas de Galicia.

Décimo. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.1 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente* (C.P. 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Décimo primeiro. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Carballeda de Valdeorras acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Carballeda de Valdeorras para o financiamento dos gastos extraordinarios derivados dos incendios forestais do mes de xullo de 2022 e do restablecemento dos servizos municipais afectados, cun orzamento total de 49.001,08 € (IVE incluído), segundo a memoria detallada e valorada presentada polo concello, cuxo orzamento se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.

Segunda. Obrigas do concello

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Carballeda de Valdeorras:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución das actuacións para as que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Tramitar o expediente de contratación das obras, subministracións ou servizo conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sétima deste convenio.
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda a cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Subministrar á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
9. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.1 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente* (C.P. 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, na que existe crédito adecuado e suficiente.
2. O importe da subvención fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total dos gastos, polo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución dos gastos subvencionables.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Para os efectos deste convenio consideraranse gastos elixibles aqueles que sexan imputables ao capítulo 2 do orzamento de gastos da entidade local e teñan como obxecto:

- a. Obras de reparación, mantemento ou reposición das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios.
- b. Gastos de limpeza e restauración ambiental das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios, incluída a recollida e traslado de restos.
- c. Os gastos de alugueiro, combustible e reparación de maquinaria e vehículos.
- d. Gastos de traslado, aloxamento e mantenza da poboación evacuada ou do persoal, tanto propio como dos efectivos integrantes do operativo de extinción, que o concello tivese que asumir.



- e. Gastos de adquisición de material funxible para a reposición dos servizos afectados polos incendios e para a posta a disposición do operativo de extinción .
- f. En xeral, calquera outro directamente relacionado coa situación dos incendios do mes de xullo de 2022, que teña natureza de gasto corrente e sexa imputable ao capítulo 2 do orzamento de gastos da entidade local.

Quinta. Conta xustificativa

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Carballeda de Valdeorras deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:
 - a) Facturas e, de ser o caso, certificacións da obra ou servizo con relación valorada e tramitada conforme ao procedemento que rexe para a Administración local.
 - b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, na cal se faga constar:
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, polas distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - Que o Concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.
 - c) Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou pola secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:
 - O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas e, no caso de obras, das correspondentes certificacións con relación detallada e valorada, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención e que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras (traballador/a, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Axencia Estatal de Administración Tributaria), número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.
 - Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
 - Que, segundo informe da Secretaría do concello, na tramitación e contratación das obras, subministracións ou servizos, se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.



d) Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar:

- Documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Copia compulsada da resolución de adxudicación da obra ou equipamento, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios fundados na mellor relación calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Á vista desta documentación o órgano competente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento por parte do concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

2. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de decembro de 2022.
4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

Sexta. Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución das actuacións que constitúe o obxecto deste convenio, o Concello de Carballeda de Valdeorras poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións subvencionadas, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

2. A tramitación da contratación das obras, subministracións ou servizos será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, especificamente a que rexe as contratacións das entidades locais, e serán estas as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei.

Tamén deberán achegar a resolución de adxudicación da obra, subministración ou servizo, na que se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.



Sétima. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga por parte do órgano competente da entidade local.
2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmete, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes ás actuacións subvencionadas, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.
Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do Concello do aboamento da subvención.
3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberao presentar asinado electronicamente a persoa representante da entidade beneficiaria.

Oitava. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito do Concello de Carballeda de Valdeorras ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
 - Non executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.
 - Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas na tramitación e contratación das obras, subministracións ou servizos que constitúen o obxecto da subvención.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o obxecto da subvención, relacionadas no orzamento do anexo I e na memoria valorada achegada polo concello beneficiario.



Novena. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o Concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao pagado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia importe da subvención que supere o custo subvencionable, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula sétima constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décima. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra subvencionada.

Décimo primeira. Facultades de inspección

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

Décimo segunda. Modificación do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
1. Respecto da subvención concedida pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa



concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, 3 no regulamento da lei.

2. Ao abeiro do disposto o artigo 7 do Decreto 193/20011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes, e xuntaralle a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:
 - a) Memoria xustificativa, na cal se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá actuación deficiente e que se cumpre o obxectivo da resolución de concesión.
 - a) Orzamento ou proxecto modificado
 - b) Relación e identificación dos cambios introducidos en cadro comparativo.
3. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas.

Décimo terceira. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do Concello.
2. A Comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A Comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo cuarta. Causas de resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis.



Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2022.

Décimo sexta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sétima. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo oitava. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

Vicepresidente segundo e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

Alcaldesa do Concello de Carballeda de
Valdeorras

María Carmen González Quintela



Anexo I. Orzamento das actuacións

Actuación	Importe
Traballos previos de retirada de cableado en mal estado, tratamento de residuos, comprobacións funcionamento de cadros e descargadores de sobretensións. Retirada de tensores e enganches queimados	1.512,50
Reparación de rede de de luz pública no núcleo de Robledo	4.976,13
Reparación de rede de de luz pública no núcleo de Candeda	3.821,79
Reparación de rede de de luz pública no núcleo de Viladequinta	1.020,94
Reparación de rede de de luz pública no núcleo de Carballeda	2.117,50
Reparacións do abastecemento de auga en Vila	7.260,00
Reparacións do abastecemento de auga na Medua	11.232,43
Reparacións do abastecemento de auga en Candeda	193,60
Reparación do abastecemento de auga en Pumares	1.214,84
Reparación de canle de auga de rega de Sobradelo	8.712,00
Acondicionamento de acceso a captación de auga	6.939,35
TOTAL	49.001,08

